

A parada do bus

Celestino Pérez Recarey

RELATOS DE VERÁN 17 ago 2021

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/relatosveran/2021/08/17/span-langgl-parada-do-busspan/0003_202108G17P24992.htm

Eu son dos que usa o bus urbano para ir traballar. Para min é moi cómodo porque teño unha parada próxima á miña casa e tamén porque me apeo preto do meu lugar de traballo. Cóllo regularmente ás oito menos vinte da mañá. A esa hora xuntámonos case sempre as mesmas persoas. Entre elas, hai unha rapaza algo máis nova ca min que atrae a miña atención.

É unha moza alta, ben parecida, cos ollos grandes e escuros, de cabelo negro moi ben peiteado e cunha maquillaxe moi discreta que lle realza a cara e os beizos, estes pintados dunha cor vermella intensa. Mentres agardamos, ela amósase moi seria, reservada e algo separada do resto do grupo.

Ao entrar no bus, habitualmente, cédolle o paso para sacarlle un sorriso que eu lle correspondo con outro. Moito me gusta a súa maneira de sorrir!

Unha mañá, na parada, acerqueime a ela e deille os bos días; respondeume e botoume ese sorriso que me ten enfeitizado. A partir dese día saudámonos sempre, intercambiamos frases intranscendentes e acabamos colléndonos confianza. Co tempo, pasamos da confianza á amizade e da amizade ao benquerer.

Procurabamos chegar con antelación para poñérmolos de parola e continuar coa mesma dentro do bus. Moito me gustaban eses momentos!

Un día non a vin na parada; pensei que seguramente quedara durmida. O caso é que tampouco se deixou ver ao outro día nin aos seguintes. Todas as mañás ía á parada coa ilusión de vela, tan guapa coma sempre, e poñémonos de parola.

E así foi. Hoxe, agardando o bus, vin de lonxe a unha moza que viña camiñando cara min. Pola súa estatura, pola forma de andar e polo estilo de roupa que levaba, decateime que era a rapaza que me tiña engaiolado.

Había polo menos tres meses que non a vía e o corazón deume un brinco de ledicia.

Ao achegarse, percibín que estaba máis pálida e delgada que antes e que levaba un toucado cubríndolle a cabeza; tamén reparei que non tiña pestanas nin cellas.

De seguida lle preguntei que lle pasara durante esta longa ausencia e, cunha expresión de tristura, contestoume: «Estiven moi enferma pero xa estou ben. Boteite moito de menos».

«Eu a ti tamén».